

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 29 DE NOVEMBRO DE 2018,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Decreto polo que se regula a utilización da marca Xacobeo 2021.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Acordo polo que se aproba definitivamente a modificación puntual nº1 do Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais de Galicia.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Acordo polo que se aproba o Plan de transporte público de Galicia.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Acordo polo que exime de constitución de garantías nos pagamentos anticipados derivados da convocatoria para o exercicio 2019 das axudas do Igape para a execución de accións de promoción exterior conxunta das empresas galegas (Galicia Exporta Organismos Intermedios), cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, por un importe total de dous millóns de euros (2.000.000 €).
- Acordo polo que se autoriza eximir da constitución de garantías ás entidades colaboradoras que participarán na xestión de axudas para o desenvolvemento do Plan Foexga 2019-2020, cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, en réxime de concorrencia non competitiva, por un importe total de tres millóns seiscentos mil euros (3.600.000 €).

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Innovación e a Universidade de Santiago de Compostela para o cofinanciamento da participación da Universidade de Santiago de Compostela no nodo español do consorcio de infraestruturas de investigación europeas "EU-Openscreen-ERIC", dedicada á investigación en bioloxía química, por importe de cento nove mil douscentos euros (109.200 €).
- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Innovación e a Universidade de Vigo para o financiamento da participación da Estación de Ciencias Mariñas de Toralla no nodo español European Marine Biological Resource Centre (EMBRC), por importe de cento setenta mil seiscientos oitenta e sete euros con cincuenta céntimos (170.687,50€).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a aceptación da cesión do terreo e do inmovible do centro de saúde de Ponteceso, feita a título gratuito polo Concello de Ponteceso (A Coruña) a favor do Servizo Galego de Saúde.
- Acordo polo que se autoriza a aceptación da cesión do terreo e do inmovible do centro de saúde da Guarda, feita a título gratuito polo Concello da Guarda (Pontevedra) a favor do Servizo Galego de Saúde.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto relativo á contratación administrativa para o servizo, suxeito a regulación harmonizada, de reserva e ocupación de prazas do servizo de atención residencial terapéutica para persoas con trastorno do espectro autista na provincia da Coruña (expediente: PA 99/2018). Importe do orzamento: seiscentos cincuenta e sete mil setecentos dezaseis euros con doce céntimos (657.716,12 €). Valor estimado: catro millóns corenta e sete mil catrocentos oitenta e tres euros con oitenta e sete céntimos (4.047.483,87 €).

INFORMES

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Informe sobre as bases reguladoras das axudas do Igape para a execución de accións de promoción exterior das empresas galegas (Galicia Exporta Empresas), cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020.
- Informe sobre a resolución da primeira convocatoria do Programa Talento Sénior, de fomento da contratación de profesionais de alta cualificación para a realización de actividades de I+D+i nas empresas e organismos de investigación en Galicia.

CULTURA E TURISMO

- Informe sobre a declaración da pedra seca galega como patrimonio cultural inmaterial da Humanidade da Unesco.

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe sobre as axudas para investimentos produtivos, incremento da eficiencia enerxética e fomento da reconversión das empresas acuícolas e servizos de asesoramento de carácter técnico, científico, xurídico, ambiental ou económico no ámbito da acuicultura, cofinanciado co FEMP.

A XUNTA APROBA O PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE REGULA A UTILIZACIÓN DA MARCA XACOBEO 2021

- *O manual de imaxe gráfica ten como finalidade ordenar a utilización da marca, xerando así identidade e coherencia na comunicación*

O Consello da Xunta deu o visto e praxe ao proxecto de decreto polo que se regula a utilización da marca Xacobeo 2021, xa que este mércores foi sometido a aprobación do Pleno da Comisión Organizadora do Xacobeo 21. Deste xeito apróbase, no marco da Comunidade galega, o manual de identidade gráfica que establece os principios básicos que se aplicarán a toda a gama de produtos de comunicación da marca Xacobeo 2021 en Galicia. Este documento enmárcase no manual de uso de marca aprobado pola Comisión Executiva do Consejo Jacobeo o pasado 6 de novembro.

O que se busca é ordenar a utilización da marca, xerando así identidade e coherencia na comunicación. Neste sentido, a identidade constrúese ao redor de dous elementos clave: a cuncha da vieira e un logotipo deseñado con letras personalizadas.

Cómpre lembrar que o pasado 18 de xullo, a Comisión Executiva do Consejo Jacobeo aprobou o logotipo oficial do Xacobeo 2021 por proposta do Goberno galego. Este novo logotipo retoma o punto de partida da imaxe anterior, polo que a vieira continúa a ter protagonismo como un elemento iconográfico do Camiño de Santiago. No redeseño realizado para o Xacobeo 2021 modeláronse as nervaduras da vieira para outorgarlles un maior volume e a imaxe simplifícase a unha soa, fronte ás catro do anterior logotipo. Preténdese así facilitar a súa aplicación a contornas dixitais. A vieira está acompañada da palabra 'Xacobeo 2021', para o que se creou unha tipografía específica de trazo suave aínda que compacto. Ademais, mantéñense o vermello e gris como cores corporativas.

Para sectores públicos e privados

En virtude disto, o manual de identidade gráfica –que vai dirixido a todos os sectores públicos ou privados, implicados directa ou indirectamente e interesados en comunicar o nome da marca Xacobeo 2021– recolle como debe usarse e adaptarse a marca Xacobeo 2021 para as diferentes casuísticas. Neste sentido, non se considerará válida ningunha manipulación ou interpretación dos elementos propostos nin o uso doutros non definidos no manual.

No caso da utilización da marca pola Administración xeral e o sector público autonómico de Galicia, o decreto recolle que utilizarán como elementos adicionais os símbolos da marca Xacobeo 2021 en todas as súas accións de comunicación audiovisuais, escritas ou plásticas ata o 31 de decembro de 2021. Así mesmo, nas

súas relacións de colaboración con outras administracións deberán exixir, sempre que o seu obxecto o permita, que se faga constar a marca do Xacobeo 2021.

Pola súa banda, a utilización da dita marca por persoas físicas ou xurídicas, entidades e institucións non integrantes da Administración xeral e do sector público autonómico da Comunidade autónoma requirirá solicitude dirixida á Axencia Turismo de Galicia, que é a competente para outorgar as correspondentes licenzas e autorizacións.

Ademais, as empresas patrocinadoras do Xacobeo 2021 deberán cumprir o manual de uso da marca, xunto coas indicacións do manual de patrocinadores, para poder desfrutar das desgravacións fiscais contempladas na Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

Por outro lado, a Xunta de Galicia fomentará o emprego polas entidades locais galegas da marca do Xacobeo 2021, informándoos sobre a posibilidade de solicitar a oportuna autorización para o seu uso en todas as actuacións, especialmente nas de comunicación pública e promoción.

Desgravacións fiscais

O Consello da Xunta do 15 de novembro aprobou a designación da Axencia Turismo de Galicia como encargada de xestionar o evento e executar a programación, recibir as doazóns das empresas e dos particulares, así como supervisar e ser o órgano responsable de aplicación das doazóns á execución da programación aprobada.

Esta atribución de facultades foi posible porque na reunión do Consejo Jacobeo do pasado 6 de novembro deuse o visto e praxe a que cada comunidade autónoma designase unha entidade responsable da execución material dos plans e programas relacionados co Xacobeo 21. Ese mesmo día tamén quedou habilitado o programa de beneficios fiscais para persoas físicas e xurídicas, uns beneficios aplicables porque a Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018 outorga ao Ano Santo Xacobeo 2021 a consideración de acontecemento de excepcional interese público.



Xacobeo 2021

A XUNTA MODIFICA O PLAN SECTORIAL DE ORDENACIÓN DE OITO ÁREAS EMPRESARIAIS DE GALICIA PARA FAVORECER A IMPLANTACIÓN DE PARQUES E ADAPTALOS Á REALIDADE DE CADA CONCELLO

- *Os cambios que se introducen inciden nos parques empresariais (8) de Palas de Rei, As Encrobas (Cerdeira), Erzana (Cambre), Seixalbo-Cumial (Ourense), Bueu-Cangas, Ameal (Vigo-Redondela), Moaña e o Parque Tecnolóxico e Loxístico de Vigo*
- *Axústanse os ámbitos recollidos no Plan sectorial, que fixa os posibles lugares para desenvolver futuros parques empresariais*
- *Destaca a inclusión dun novo ámbito para unha posible terceira fase do parque empresarial de Palas de Rei, despois de que os terreos relativos á primeira e segunda fosen vendidos na súa totalidade*
- *Outra modificación posibilitará desbloquear a ampliación do Parque Tecnolóxico e Loxístico de Vigo*
- *As actuacións da Xunta en materia de solo empresarial permitiron a venda de máis de 1,3 millóns de metros cadrados de solo dende 2015*

O Consello da Xunta, na súa reunión desta mañá, aprobou a modificación do Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais de Galicia, co obxectivo de favorecer e mellorar a viabilidade para o desenvolvemento futuro de distintos ámbitos dos parques empresariais, de Palas de Rei, As Encrobas (Cerdeira), Erzana (Cambre), Seixalbo-Cumial (Ourense), Bueu-Cangas, Ameal (Vigo-Redondela) e Moaña. Ademais, a modificación normativa tamén beneficiará o Parque Tecnolóxico e Loxístico de Vigo, ao desbloquearse a súa ampliación.

Na maior parte dos casos, axustaranse os dominios recollidos no Plan Sectorial, que fixa os posibles lugares para desenvolver futuros parques empresariais, co fin de adaptalos á realidade de cada concello en que se localizan e favorecer a súa implantación.

O Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais de Galicia, aprobado pola Xunta en 2014, é un instrumento de ordenación que planifica onde se poderá desenvolver solo empresarial nos próximos anos.

A modificación deste plan permite introducir a área en que se proxectará a futura terceira fase do parque empresarial de Palas de Rei, unha vez que a segunda xa se vendeu na súa totalidade e non se dispón de solo neste parque. Grazas a esta modificación, as entidades ou empresas interesadas en asentarse nos terreos que abarca a terceira fase disporán dunha superficie total de 42.280,56 metros cadrados.

Así mesmo, a modificación normativa tamén posibilitará a ampliación do Parque Tecnolóxico e Loxístico de Vigo (que ocupa na actualidade uns 875.000 metros cadrados e coa ampliación prevé sumar outros 255.365 metros cadrados) xa que se introduce un cambio das disposicións normativas do plan que permitirá á Zona Franca garantir o seu crecemento, unha realidade que non estaba recollida na redacción inicial do Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais.

Outras modificacións que se incorporan débense a un reaxuste dos lindeiros de cada un dos parques empresariais. Así, no caso do parque empresarial Bueu-Cangas prevese a partición en dous parques diferentes: o parque de Bueu, cunha superficie de 188.123 metros cadrados, continuará no lugar inicialmente previsto, como ampliación do actual parque de Castiñeiras; mentres que o de Cangas, con 74.138 metros cadrados, cambia a un emprazamento máis axeitado e mellor comunicado, ocupando os terreos dunha canteira, de maneira que a actuación permitirá a recuperación ambiental e paisaxística da zona.

Esta modificación tamén ten incidencia sobre o parque de Ameal, nos concellos de Vigo e Redondela, que ve reducido o seu ámbito en case 7.000 metros cadrados, xa que se atopan afectados pola servidume aeronáutica do aeroporto de Vigo e que resultan incompatibles cos usos previstos no plan sectorial.

No caso do parque das Encrobas, en Cerceda, tamén verá como o seu ámbito inicial queda dividido en dúas zonas, debido ao trazado da liña ferroviaria do AVE. Así, pasarán a denominarse parque empresarial de Encrobas 1 e parque empresarial de Encrobas 2.

En Seixalbo-O Cumial, no concello de Ourense, modifícase a delimitación do ámbito do parque empresarial, axustándoo ao parcelario existente e desafectando zonas residenciais, mentres que no parque empresarial de Moaña se reduce nun 35 por cento a superficie inicial delimitada, e no de Erzana, en Cambre, delimítase correctamente, corrixindo o erro existente no documento inicial relativo á localización do parque.

Actuacións en solo empresarial

O Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais de Galicia foi aprobado pola Xunta de Galicia en 2014 e establece a planificación dos lugares posibles para o desenvolvemento de futuros parques empresariais, tanto de iniciativa pública como privada. Esta planificación realizouse con base en criterios obxectivos para avaliación dos lugares e responde a un obxectivo de ordenación do territorio, sinalando as localizacións do futuro solo empresarial.

As actuacións dirixidas a ordenar o solo empresarial en Galicia comezaron coa creación en 2012 do Rexistro de Demandantes de Solo Empresarial, que permite desenvolver de forma prioritaria os parques con demanda contrastadas.

Da mesma maneira, a fusión das catro empresas públicas Xestur nunha única sociedade supuxo unha notable redución de custos, a mellora da planificación das actuacións e a garantía de solvencia dunhas sociedades que en 2009 estaban ao bordo da creba polo desproporcionado endebedamento rexistrado no período 2005-2009.

Por outra parte, dende 2015 a Xunta aplica bonificacións no prezo do solo empresarial da súa propiedade e tamén permite a súa adxudicación en dereito de superficie, de maneira que dende ese ano se adxudicaron máis de 1,3 millóns de metros cadrados de solo empresarial con bonificación que superan os 39 millóns de euros. O resultado destas vendas xa é visible nos parques empresariais da Xunta de Galicia nos que máis de 270 empresas están xa implantadas ou desenvolvendo os seus proxectos de implantación.

Actualmente, a prioridade da Xunta céntrase nas urbanizacións do parque empresarial de Morás (Arteixo) e da Plataforma Loxístico Empresarial de Salvaterra, pero tamén se está a traballar na ampliación do parque empresarial de Xinzo de Limia, onde o último paso avanzado foi a publicación onte do anuncio polo que se inicia o expediente de expropiación, e no desenvolvemento do parque empresarial de Paderne de Allariz, no que se licitará proximamente a redacción do proxecto sectorial.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O PLAN DE TRANSPORTE PÚBLICO QUE RENOVARÁ EN 2019 MÁIS DE 1.500 LIÑAS DE AUTOBÚS E PERMITIRÁ APROVEITAR AS PRAZAS VACANTES DO 50% DAS RUTAS ESCOLARES

- *O obxectivo é aproveitar a caducidade das actuais concesións para modernizar o sistema e despregar un modelo de transporte público sustentable e eficiente que se adapte ás necesidades de mobilidade dos galegos do século XXI*
- *Estenderanse a todos os concellos de Galicia os beneficios do transporte metropolitano e a gratuidade das viaxes para menores de 19 anos*
- *Ampliarase o sistema de servizos baixo demanda e de autobús compartido, que blinda a atención aos escolares e aumenta as opcións de mobilidade da poboación rural*
- *Continuando co proceso de participación iniciado a principios do vindeiro ano someterase a información pública o novo mapa de liñas coa previsión de que os servizos comecen a funcionar a finais de 2019*
- *Ese mapa será resultado dun exhaustivo traballo de campo no cal se analizaron as necesidades de transporte de cada zona en colaboración cos concellos e tendo en conta os centros de actividade, para definir a continuación o mellor xeito de atender esa demanda*
- *As liñas de autobús que operarán en Galicia na vindeira década clasificaranse como rexionais, intercomarcais, comarcais ou municipais e organizaranse para responder do mellor xeito posible ás necesidades de mobilidade da poboación en función de que se trate de contornos metropolitanos ou rurais*
- *Os contratos serán adxudicados atendendo fundamentalmente a criterios de calidade e blindarán a continuidade dos traballadores, ao tempo que se adoptarán medidas para garantir a participación do tecido empresarial galego e evitar a concentración*
- *O plan servirá, tamén, para a renovación dunha frota de máis de 3.000 autobuses e aumentar a accesibilidade para persoas con mobilidade reducida, así como xeneralizar no sistema as novas tecnoloxías que faciliten información aos usuarios e que reduzan a emisión de gases contaminantes*
- *O incremento de viaxeiros asociado ao Camiño de Santiago será considerado nos contratos unha razón de interese público que poderá obrigar a reforzar os servizos e articularase unha nova liña desde o aeroporto de Lavacolla ata Pedrafita para facilitar que os peregrinos inicien o Camiño*
- *Prevese unha achega autonómica anual de 60 millóns de euros para garantir o funcionamento deste servizo público fundamental*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Plan de transporte público de Galicia, que renovará en 2019 máis de 1.500 liñas de autobús e permitirá aproveitar as prazas baleiras de preto do 50% das rutas escolares.

O obxectivo deste documento é aproveitar a próxima caducidade das actuais concesións de transporte regular de viaxeiros por estrada para modernizar o sistema e pór en marcha un modelo de transporte público sustentable e eficiente que se adapte ás necesidades de mobilidade dos galegos do século XXI.

Para acadar ese obxectivo, o Plan de transporte público de Galicia establece tres liñas estratéxicas de actuación: fomentar a mobilidade das persoas en termos de igualdade, seguridade, calidade, eficiencia social e sustentabilidade económica e ambiental; potenciar o uso do transporte público en calquera dos seus medios; e facilitar a intermodalidade e á accesibilidade ao transporte público para reforzalo como alternativa fronte ao vehículo particular.

O plan aprobado hoxe asume a axenda do Goberno galego en relación co reforzo das políticas sociais e de atención prioritaria ás necesidades do rural. Nesa liña, garántense os servizos nas zonas con poboación máis dispersa, mediante a ampliación dos sistemas baixo demanda e de autobús compartido, prevendo permitir o uso das prazas de ata o 50% das rutas escolares, multiplicando a cobertura territorial do transporte público.

Esa modalidade, que funciona con éxito desde setembro de 2017 en determinadas zonas de Galicia, blinda a atención prioritaria ás necesidades dos alumnos -asegurando a presenza dun acompañante en todas as rutas-, ao tempo que incrementa notablemente as posibilidades de transporte da poboación rural.

Así mesmo, desde o punto de vista social, o plan recolle as medidas necesarias para estender ao conxunto da poboación os beneficios asociados ao transporte metropolitano que xa funciona en 5 contornos urbanos, así como a gratuidade das viaxes para menores de 19 anos que se aplica a través da tarxeta Xente Nova nesas mesmas áreas.

Prevese unha achega autonómica anual de 60 millóns de euros para garantir o funcionamento deste servizo público fundamental

Diálogo e traballo de campo

Logo dun primeiro proceso de información pública sobre as bases que guían este Plan, e tras a súa aprobación hoxe polo Consello da Xunta, a comezos do vindeiro ano someterase a información pública o novo mapa de liñas de autobús, coa previsión de que os servizos comecen a funcionar a finais de 2019.

A Xunta continuará a dialogar con todos os actores implicados sobre cada paso adiante que se dea no proceso de desenvolvemento deste Plan, que a pasada semana

recibiu o visto e praxe do Consello Galego de Transportes, órgano no que están representados todos os axentes con intereses no sector.

O mapa de liñas de autobús que se someterá a información pública será resultado dun exhaustivo traballo de campo en que se analizaron as necesidades de transporte para definir, a continuación, a mellor forma de atendela. Para identificar esas demandas contouse coa colaboración dos concellos e tivéronse en conta os centros educativos e sanitarios. Así mesmo, realizouse un amplo despregamento de enquisas en paradas de autobús, estacións e centros tractores de demanda (polígonos empresariais, centros administrativos, universidades, etc).

Na definición final das liñas teranse en conta, así mesmo, como paradas os puntos de transbordo con outros medios de transporte (tales como estacións de ferrocarril, aeroportos, terminais portuarias que oferten servizos de transporte de viaxeiros,...), con especial atención ás novas estacións intermodais.

As liñas de autobús que operarán en Galicia na vindeira década clasificaranse como rexionais, intercomarcais, comarcais e municipais e organizaranse para responder do mellor xeito posible ás necesidades de mobilidade da poboación en función de que se trate de contornos metropolitanos ou rurais.

Ademais das modalidades xa mencionadas para a mobilidade no rural, nas zonas metropolitanas procurárase o sistema máis racional para a prestación dos servizos, evitando as limitacións administrativas derivadas dos dereitos exclusivos de tráfico e fomentando a colaboración entre concesionarios urbanos e inteurbanos

Criterios de calidade

Os contratos serán adxudicados atendendo fundamentalmente a criterios de calidade e blindarán a continuidade dos traballadores, ao tempo que se adaptarán medidas para garantir a participación do tecido empresarial galego do sector e evitar a concentración.

O Plan servirá, tamén, para a renovación dunha frota de máis de 3.000 autobuses e aumentar a accesibilidade para persoas con mobilidade reducida, así como xeneralizar no sistema as novas tecnoloxías que faciliten información aos usuarios e que reduzan a emisión de gases contaminantes.

Ao servizo da oportunidade do Xacobeo

O Plan de transporte público de Galicia quere contribuír tamén á aproveitar a grande oportunidade que representa para o país o Camiño de Santiago e a próxima celebración do Xacobeo 2021.

Así, o incremento de viaxeiros asociado ao Camiño de Santiago será considerado nos contratos unha razón de interese público que poderá obrigar a reforzar os servizos e articularase unha nova liña desde o aeroporto de Lavacolla ata Pedrafita, con paradas nas diferentes etapas, para facilitar que os peregrinos inicien o Camiño.

A XUNTA IMPULSARÁ CON 11,6M€ A INTERNACIONALIZACIÓN DE MIL EMPRESAS GALEGAS NOS PRÓXIMOS DOUS ANOS

- *A Consellería de Economía, Emprego e Industria, reforza, a través do Igape, as novas convocatorias dos programas Galicia Exporta e Foexga, que facilitarán apoio directo ao tecido empresarial galego para a súa expansión internacional*
- *Os apoios dos tres programas incrementáanse en 3,7 millóns de euros, cos que se pretende reforzar mercados xa consolidados, como Latinoamérica e Europeos, e impulsar as vendas galegas en Asia*
- *As iniciativas desenvolven proxectos individuais e colectivos que reafirman a presenza e favorecen a introdución das pemes nos mercados exteriores*
- *Desde 2009, as exportacións de Galicia aumentaron un 55,3%, marcando en 2017 un novo récord histórico ao superar por primeira vez os 21.000 millóns de euros*

A Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través do Igape, impulsará con 11,6 millóns de euros a internacionalización das pemes galegas mediante o programa Galicia Exporta e o Plan de actuación das cámaras para o fomento das exportacións galegas (Foexga), cos que nos próximos dous anos facilitará apoio a 1000 empresas da Comunidade para crecer nos mercados internacionais.

As axudas dos programas, cofinanciadas con Fondos Feder, incrementáanse deste xeito en 3,7 millóns de euros con respecto á anterior edición, e cobren ata o 90% dos gastos subvencionables aprobados ao abeiro do Foexga, ata o 80% no caso do Galicia Exporta Organismos Intermedios, que apoia proxectos colectivos, e ata o 70% no caso dos proxectos individuais acollidos á liña Galicia Exporta Empresas.

Ademais, nestas convocatorias auméntanse os apoios por solicitude e beneficiario no caso dos dous últimos programas con respecto ás edicións anteriores: no Galicia Exporta Empresas pasan de 70.000€ a 80.500€ e no Galicia Exporta Organismos Intermedios pasan de 150.000€ a 176.000€.

Preténdese así reforzar a presenza das pemes galegas en mercados xa consolidados como Latinoamérica e Europa pero, sobre todo, seguir impulsando as vendas en Asia mediante liñas específicas para proxectos individuais e colectivos coordinados por organismos intermedios empresariais e cámaras de comercio, que desenvolven actividades de difusión, participación en eventos expositivos no exterior e accións de prospección internacional.

A través da anterior convocatoria dos programas Galicia Exporta e Galicia Exporta Organismos Intermedios, a Xunta facilitou apoio directo a 466 empresas.

No que respecta ao Foexga, na convocatoria anterior desenvolvéronse 84 accións en máis de 45 países, nas que se calcula que participaron máis de 300 pemes. Ao abeiro da convocatoria que acaba de aprobar o Consello da Xunta, desenvolveranse máis de 160 actuacións que posibilitarán a presenza das compañías galegas en mercados como China, India, Israel, Xapón, Portugal, Marrocos, Brasil, Emiratos, Estados Unidos, Marrocos ou Canadá, entre outros.

Mediante estas iniciativas, que buscan facer das exportacións un motor de emprego e crecemento empresarial, preténdese contribuír a consolidar a positiva evolución das exportacións galegas, que desde 2009 aumentaron un 55,3%, marcando en 2017 un novo récord histórico ao superar por primeira vez os 21.000 millóns de euros.

Un total de 6.100 empresas galegas venderon os seus produtos no exterior nos nove primeiros meses deste ano, o que supón un incremento do 6,7% con respecto ao mesmo período do pasado ano. En canto á evolución do número de compañías exportadoras regulares, é dicir, aquelas que venden produtos no estranxeiro durante os últimos catro anos de forma consecutiva, entre xaneiro e setembro de 2018 foron 2450.

GALICIA INTÉGRASE EN CONSORCIOS EUROPEOS DE INVESTIGACIÓN PARA DESENVOLVER PROXECTOS DE BIOLOXÍA MARIÑA E DE DESCUBRIMENTO DE FÁRMACOS

- *A Xunta, a través da Axencia Galega de Innovación (Gain), asinará convenios coas universidades de Vigo e Santiago para apoiar por primeira vez a súa participación nos consorcios europeos para as infraestruturas de investigación (ERIC)*
- *A Universidade viguesa participa co seu proxecto da Estación de Ciencias Mariñas de Toralla, centrado en mellorar a saúde dos mares co conseguinte impacto no benestar das persoas e en actividades económicas como a pesca*
- *A iniciativa da plataforma Innopharma, da USC, forma parte de Openscreen, a infraestrutura europea dedicada á investigación en bioloxía química para descubrir novos fármacos que axuden a previr ou paliar enfermidades*
- *A actuación, que supón un impulso para a comunidade científica galega, enmárcase na Estratexia de especialización intelixente (RIS3) de Galicia, a guía que orienta a política de I+D+i da Xunta ata 2020*

A Xunta está a apoiar por primeira vez a participación de axentes galegos –neste caso das universidades de Vigo e Santiago- nos consorcios europeos para as infraestruturas de investigación (ERIC) para impulsar o labor da comunidade científica galega e a captación e retención do talento, incrementando, deste xeito, a súa proxección internacional. Para iso, a Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través da Axencia Galega de Innovación (Gain), asinará dous convenios de colaboración co fin de apoiar a participación das universidades: o investimento total é de 559.775 euros, dos que a Administración autonómica achegará a metade.

Os consorcios están especializados nun ámbito concreto de coñecemento e están creados por entidades líderes na I+D+i de distintos países e con centros de traballo en cada un deles. Os ERIC operan como unha única entidade legal recoñecida en todos os estados da UE. A creación destes consorcios foi impulsada pola Comisión Europea (CE) en 2009 no marco do Foro Estratéxico Europeo de Infraestruturas de Investigación.

O obxectivo destas grandes infraestruturas de investigación é axudar aos centros e grupos de investigación europeos de vangarda a incrementar a captación de recursos mediante a prestación de servizos de xeito conxunto, a aumentar a súa capacidade de captación de fondos europeos e a favorecer o acceso a novos mercados máis competitivos.

A iniciativa, ademais, atraerá talento en diferentes disciplinas actuando como catalizadores para o desenvolvemento de novos conceptos, teorías e tecnoloxías

transferibles á industria e aos mercados. Tamén constitúen plataformas fundamentais para a formación das futuras xeracións de científicos e tecnólogos.

Ecología mariña

Deste xeito, a Universidade de Vigo participará no consorcio europeo Embrc, centrado na bioloxía e ecoloxía mariña, co proxecto da Estación de Ciencias Mariñas de Toralla (Ecimat). O convenio, neste caso, estará vixente ata decembro de 2022.

A grande infraestrutura mariña europea Embrc ten como retos axudar a mellorar a saúde dos mares co seu conseguente impacto no benestar da cidadanía e en actividades económicas como a pesca, un sector estratéxico para Galicia.

Esta plataforma conta con instalacións de vangarda para a investigación e a formación que pon á disposición da comunidade científica, como pemes, universidades, centros de I+D+i ou a industria. Deste xeito, facilita o acceso ao conxunto dos ecosistemas mariños e organismos vinculados ao litoral europeo, constituíndose como un dos principais provedores da investigación dos recursos biolóxicos mariños e da biotecnoloxía. Os promotores iniciais desta infraestrutura son Bélxica, España, Francia, Grecia, Italia, Irlanda, Noruega, Portugal, Reino Unido e Israel. Francia, a través da Université Pierre et Marie Curie, é a seleccionada como país anfitrión.

A Estación de Ciencias Mariñas de Toralla é única a nivel mundial para investigar en acuicultura, sobre efectos do cambio climático no medio mariño ou desenvolver novas solucións biotecnolóxicas de orixe mariña. Ofrece instalacións de vangarda a pé de mar e servizos especializados a calquera entidade pública ou privada interesada na investigación mariña.

Novos fármacos

Pola súa banda, a Universidade de Santiago de Compostela tomará parte no consorcio Openscreen a través da plataforma Innopharma. Openscreen. Este consorcio traballa no descubrimento de novos fármacos e, polo tanto, está dedicado á investigación en bioloxía química que se centra no estudo das interaccións entre compostos químicos e entidades biolóxicas. Neste caso, a vixencia do convenio de colaboración será ata finais de 2020. Os promotores do consorcio pertencen a sete países europeos: Alemaña, España, Finlandia, Letonia, Noruega, Polonia e República Checa. Alemaña lidera a iniciativa a través da Universidade de Berlín.

Innopharma é unha plataforma de cribado de fármacos con máis de 15 anos de experiencia, unha iniciativa galega para o descubrimento temperá de fármacos que achega apoio tecnolóxico para potenciar o sector farmacéutico en Galicia trasladando o *know how* académico a proxectos de descubrimento de fármacos. A plataforma está

liderada polos doutores Ángel Carracedo e Mabel Loza. O obxectivo desta plataforma é levar a cabo proxectos que permitan engadir valor ao coñecemento científico e trasladarlllo a programas de descubrimento de fármacos.

RIS3 de Galicia

A actuación, que se aproba hoxe no Consello da Xunta, enmárcase na Estratexia de especialización intelixente (RIS3) de Galicia, a guía que orienta a política de I+D+i da Xunta ata 2020. A iniciativa suporá unha mellora para a comunidade científica galega, xa que as instalacións científicas internacionais de alto nivel, como é o caso dos consorcios europeos para as infraestruturas de investigación, son un pilar básico para o progreso da ciencia, así como unha ferramenta fundamental para encarar os principais retos da sociedade do coñecemento incrementando, deste xeito, a calidade dos resultados científicos.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A ACEPTACIÓN DOS CENTROS DE SAÚDE DE PONTECESO E A GUARDA

O Consello da Xunta vén de autorizar a aceptación da cesión dos inmobles dos centros de saúde de Ponteceso, na provincia da Coruña, e do centro de saúde da Guarda, na provincia de Pontevedra. Estas cesións están feitas a título gratuito por parte dos respectivos concellos a favor do Servizo Galego de Saúde. A transferencia de ambos os centros ten un custo anual de mantemento estimado para a Xunta de Galicia de 150.239 euros.

Con estes dous centros de saúde, o número total de centros de titularidade municipal asumidos polo Servizo Galego de Saúde no eido do Pacto local ascende a 88.

O centro de saúde de Ponteceso conta cunha superficie construída de 1.179 m² e o custo anual de mantemento estimado pola Xerencia da Xestión Integrada da Coruña é de 70.595 euros. Pola súa banda, o centro de saúde da Guarda, na provincia de Pontevedra, ten unha superficie construída de 1.924,18 m², e a estimación do custo anual de mantemento desta infraestrutura sanitaria é de 79.644 euros.

Cómpre destacar que a asunción de obrigas de contido económico para o Servizo Galego de Saúde xorde no momento en que se eleve a escritura pública a cesión da titularidade dos centros á Administración sanitaria autonómica.

O proceso de asunción é en todo caso voluntario para os concellos, que previamente asinan os convenios nos que se establecen as bases de cooperación co Sergas para "a cesión da propiedade do centro de saúde de que é titular o dito concello, ao Servizo Galego de Saúde, e para a asunción, por parte deste organismo, dos seus gastos de mantemento". O Concello comprométese a realizar todos os trámites patrimoniais e urbanísticos que sexan necesarios a fin de posibilitar a cesión patrimonial do centro de saúde libre de cargas e gravames así como a aprobar determinadas exencións e bonificacións fiscais, e o Servizo Galego de Saúde acepta a cesión do inmovible e comprométese a asumir os gastos de mantemento.

A XUNTA GARANTE A CONTINUIDADE DA OFERTA DE PRAZAS PÚBLICAS PARA PERSOAS CON AUTISMO NA RESIDENCIA DE ASPANAES NAS PONTES

- *Autorizouse a ampliación do contrato deste servizo inicialmente durante todo 2019, aínda que xa se considera a posibilidade prorrogalo ata un máximo de cinco anos*
- *Supón un investimento, incluídas as prórrogas, de máis de 4 millóns de euros*
- *En toda Galicia ofrécense 244 prazas específicas para persoas que sofren trastorno do espectro autista*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a contratación de 25 prazas públicas de atención residencial terapéutica para persoas con trastorno do espectro autista (TEA) no centro que ten a entidade Aspanaes no municipio coruñés das Pontes. Deste xeito, o Goberno galego garante inicialmente durante todo 2019 a continuidade desta prestación, cuxo actual contrato remata o vindeiro mes de marzo.

Ademais, o novo contrato poderase prorrogar de mutuo acordo por períodos dun ano, ata un máximo de cinco, o que lle dá estabilidade á prestación. O orzamento para o período de marzo a decembro de 2019 ascende a 657.000 euros e, sumando as posibles prórrogas, o investimento elévase a máis de 4 millóns de euros.

Nestas 25 prazas públicas de atención ao autismo ofreceranse as seguintes atencións: aloxamento e manutención, actividades de ocio e tempo libre, servizos de mantemento e rehabilitación —logopedia, estimulación tanto cognitiva como psicolóxica e enfermaría—, formación para actividades básicas da vida diaria e servizos de información, valoración, seguimento e orientación.

Compromiso coa discapacidade e a atención ao TEA

Este novo contrato para o recurso residencial para persoas con TEA que xestiona Aspanes nas Pontes (e no cal se ofertan en total 34 prazas públicas, pois hai nove ao abeiro doutro contrato), enmárcase na compromiso do Executivo autonómico coa mellora da atención á discapacidade, para que ter diferentes capacidades non signifique ter menos oportunidades. Para as persoas que sofren trastorno do espectro autista, a Xunta ofrece en toda Galicia 244 prazas específicas. Dentro destas, 75 son de centro de día e 169 de atención residencial.

Nos últimos anos a Xunta acadou importantes avances neste eido, como a consolidación da rede de prazas públicas, que se incrementou en 1100 prazas desde 2009. Tamén cómpre salientar o aumento do número de concellos cubertos polas unidades de atención temperá para nenos e nenas con algún trastorno no

desenvolvemento ou con risco de padecelo, que hoxe son 92, seis veces máis que hai nove anos.

Estas melloras nas políticas sociais dirixidas ao benestar das persoas con discapacidade e das súas familias son consecuencia dun maior investimento. Os orzamentos da Xunta de 2019 destinan 106 millóns de euros a este fin, preto do dobre do que se dedicaba nove anos atrás. Así mesmo, este reforzo económico fai posible que a Xunta siga a traballar na mellora dos procesos de valoración da discapacidade coa creación de 14 novos equipos que están operativos desde o pasado verán nas cidades de Pontevedra, Vigo, A Coruña, Ferrol, Lugo e Ourense.

EMPRESAS E CENTROS TECNOLÓXICOS GALEGOS INCORPORAN 11 PROFESIONAIS DE ALTA CUALIFICACIÓN COA INICIATIVA DA XUNTA TALENTO SÉNIOR

- *A Consellería de Economía, Emprego e Industria concede apoios por máis de 700.000 euros, fomentando así a atracción e o retorno de talento*
- *Os doutores e especialistas contratados contan cunha media de 11 anos de experiencia en diferentes ámbitos da I+D+i*
- *Desenvolverán a súa actividade en sectores como a automoción, a Industria 4.0, as TIC, o lácteo, a pesca ou os servizos de enxeñaría*
- *As entidades beneficiarias recibirán un incentivo de 64.000 euros por cada un dos contratos, todos iguais ou superiores a tres anos e a maioría indefinidos*
- *Esta medida, incluída no programa Talento 2021, busca xerar, reter e atraer 1500 profesionais a Galicia para actividades de I+D+i*

Un total de 11 profesionais de alta cualificación vanse incorporar a empresas e centros tecnolóxicos galegos grazas a Talento Sénior, unha iniciativa coa que a Xunta busca impulsar a atracción e o retorno de investigadores doutores e profesionais de alta cualificación con traxectorias consolidadas para que desenvolvan proxectos de investigación, desenvolvemento e innovación en Galicia.

A Consellería de Economía, Emprego e Industria concedeu apoios por máis de 700.000 euros dos que se benefician sete empresas e o Centro Tecnolóxico da Automoción de Galicia (CTAG) e o Instituto Tecnolóxico de Galicia (ITG). Os especialistas contratados contan cunha media de 11 anos de experiencia en diferentes ámbitos da I+D+i, e desenvolverán a súa actividade en sectores como a automoción, a Industria 4.0, as TIC, o lácteo, a pesca ou os servizos de enxeñaría. Tres deles retornarán a Galicia, despois de traballar en Reino Unido, Francia e Madrid.

Todas as entidades beneficiarias contarán cun incentivo da Axencia Galega de Innovación (Gain), de 64.000 euros por cada persoa contratada, a contía máxima prevista na convocatoria, xa que todos os contratos son iguais ou superiores a tres anos, e a maioría indefinidos. Estas entidades deberán achegar ao profesional que se incorpore a través deste programa un salario de cando menos 40.000 euros brutos por anualidade. Ademais, o persoal poderá estar contratado pola entidade beneficiaria da axuda desde o pasado 1 de xaneiro.

Talento Sénior está incluído no programa Talento 2021, impulsado pola Xunta para xerar, reter e atraer 1500 profesionais a Galicia para actividades de I+D+i, estimándose a mobilización de preto de 47 millóns. A Xunta destinará a este plan 6 millóns que inclúe, entre outras iniciativas, novas accións de formación ao máis alto

nivel vencelladas á transferencia do coñecemento e ao fomento de vocacións científico-tecnolóxicas.

A través de Talento 2021 tamén se prevé o reforzo de accións que xa están en marcha como o programa Ignicia, pioneiro no ámbito do Estado, co que se está impulsando a transferencia do coñecemento e a través do que se apoiaron 18 proxectos e 64 postos de traballo de alta cualificación; ou o Principia, que xa ten permitido a 370 profesionais menores de 35 anos participar en labores de innovación. Este novo plan de Gain tamén inclúe o impulso do Oportunus -centrado na atracción e retención de investigadores excelentes, que ten facilitado a formación a máis dun cento de investigadores- e das axudas aos investigadores para desenvolver a súa carreira predoutoral e postdoutoral.

A XUNTA DE GALICIA ACOMETERÁ DIVERSAS ACTUACIÓNS PARA A SALVAGARDA E DIFUSIÓN DA PEDRA SECA

A pedra seca galega foi incluída onte, no marco da décimo terceira reunión anual do Comité intergubernamental de salvagarda do patrimonio cultural inmaterial, celebrada en Port-Louis (República de Mauricio), na lista representativa do patrimonio inmaterial da UNESCO. Galicia súmase como parte dunha candidatura conxunta de oito países europeos liderada por Grecia e Chipre e na cal participa, entre outros, o Estado español.

A Xunta impulsou a participación galega na candidatura internacional da pedra seca (ou pedra en seco), na que tamén están presentes outras sete comunidades autónomas baixo a coordinación do Ministerio de Cultura e Deporte. Galicia, Andalucía, Aragón, Asturias, Baleares, Extremadura, Cataluña e Valencia forman parte desta postulación conxunta que integra tradicións construtivas de Grecia, Chipre, Suíza, Croacia, Eslovenia, Francia, Italia e España.

A pedra en seco é unha técnica ben coñecida e valorada en Galicia. De feito, diversos bens sobranceiros declarados de interese cultural, como os lugares de valor etnolóxico de Seceda e Froxán en Folgoso do Courel, os muíños do Folón e Picón no Rosal ou o mercado popular de Agolada foron executados mediante este procedemento construtivo.

O recoñecemento da inclusión na lista representa o compromiso dos países na execución de medidas de salvagarda específica para que as comunidades locais, que son as súas portadoras, poidan ter as condicións para o seu mantemento e difusión. Neste sentido, no Consello da Xunta informouse de diversas actuacións que, a través da Consellería de Cultura e Turismo hai previstas para a salvagarda e difusión do que é o primeiro ben inmaterial inscrito na lista representativa do Patrimonio Mundial da UNESCO.

Proxectos para coñecer e difundir a pedra seca

Neste sentido, o vindeiro ano comezarase a realización dun censo dos elementos máis representativos da pedra seca galega, xeolocalizándoos e identificándoos segundo a súa tipoloxía construtiva. Ademais, deseñarase unha aplicación móbil a través da que se poida acceder á información máis relevante sobre esta técnica e os exemplos destacados que podemos atopar en Galicia realizados en pedra seca.

Así mesmo, desde a Consellería de Cultura, a través da Axencia Turismo de Galicia, prevese levar adiante unha orde de axudas para a rehabilitación de elementos patrimoniais etnográficos. Valoraríase positivamente o feito de que o ben en

cuestión estea construído coa técnica da pedra seca e unha proposta de actuación se a súa recuperación se realiza con criterios de calidade e a acometen por profesionais cualificados.

Neste sentido, esta declaración pode servir de base para a creación dun novo produto turístico ou o perfeccionamento da oferta orientada ao turismo cultural de diversos xeodestinos galegos.

OS BATEEIROS, CONFRARÍAS E ACUICULTORES QUE FOMENTEN UNHA ACTIVIDADE SUSTENTABLE PODERÁN BENEFICIARSE DE ACHEGAS POR IMPORTE DE PRETO DE 18 MILLÓNS DE EUROS

- *O Consello da Xunta analizou hoxe un informe sobre a orde que regula a convocatoria de 2019 destas achegas destinadas a investimentos produtivos, á eficiencia enerxética e uso de fontes de enerxías renovables e tamén a servizos de asesoramento no ámbito da acuicultura*
- *Os bateiros, confrarías e xestores de empresas de acuicultura interesados en cursar as solicitudes poderán consultar os requisitos e a documentación necesaria na orde que publicará o Diario Oficial de Galicia nos próximos días*
- *Ao igual que en anos anteriores, a maioría dos proxectos aos que lles foi concedida axuda na convocatoria de 2018, é dicir, máis do 76%, pertencen ao sector do mexillón*

A Xunta destina preto de 18 millóns de euros en axudas a bateiros, confrarías de pescadores e acuicultores para que promovan unha actividade sustentabl, no marco da convocatoria de 2019 no eido da acuicultura. A Xunta pon á disposición do sector esta contía co obxectivo de apoiar os investimentos produtivos, o incremento da eficiencia enerxética e o fomento do uso de fontes de enerxía renovables, así como os servizos de asesoramento técnico, científico, xurídico, ambiental ou económico neste ámbito.

O Consello da Xunta analizou hoxe un informe sobre a orde que regula estas tres liñas de axudas, cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP), e a súa convocatoria para o 2019. A primeira das liñas conta con 16,5 millóns de euros e destínase aos investimentos produtivos. A través dela a Consellería do Mar poderá subvencionar, entre outros aspectos, actuacións para diversificar a produción e para modernizar as instalacións neste sector, incluída a adquisición de equipamentos. Tamén poderá subvencionar investimentos na mellora da calidade do produto ou para incrementar o seu valor.

A segunda liña de subvencións é a destinada ao incremento da eficiencia enerxética e ao uso de fontes enerxías renovables e conta con máis de 1,2 millóns de euros. A terceira e última é para a obtención de servizos de asesoramento de carácter técnico, científico, xurídico, ambiental ou económico e teñen como obxectivo mellorar o rendemento global e a competitividade das explotacións acuícolas e promover o respecto ambiental. A esta última liña destínanse 95.000 euros.

As achegas destinadas a investimentos produtivos e á eficiencia enerxética están dirixidas a todas as pequenas, medianas e grandes empresas mentres que das de asesoramento poderán beneficiarse microempresas e pemes. Estas liñas de axudas

permitirán subvencionar ata o 50% dos investimentos que realicen as pemes ou microempresas –con menos de 250 empregados e cun volume de negocio anual igual ou inferior a 50 millóns de euros- e ata o 30% dos investimentos que realicen as compañías de maior tamaño.

Os bateiros, confrarías e xestores de empresas de acuicultura interesados en cursar as solicitudes poderán consultar os requisitos e a documentación necesaria na orde que se publicará no *Diario Oficial de Galicia* nos próximos días. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación.

Convocatoria de 2018

En relación coa convocatoria de 2018 destas axudas a proxectos de melloras no eido da acuicultura, a Consellería do Mar subvenciona 80 proxectos por valor de preto de nove millóns de euros, que supoñen un investimento total de máis de 27,6 millóns. Ao igual que en anos anteriores, a maioría dos proxectos aos que lle foi aprobada axuda, é dicir, máis do 76%, pertencen ao sector do mexillón.

Entre os proxectos subvencionados para o sector do mexillón, ao abeiro desta convocatoria, están a construción de bateas e a modernización de embarcacións con distintos elementos. Por outra banda, entre os subvencionados para a área de peixes está a modernización de granxas acuícolas. A execución destas axudas foi medrando progresivamente nos últimos anos ata duplicar a porcentaxe de execución dos fondos orzamentados. De feito, na convocatoria deste ano todas as solicitudes presentadas que cumprían os requisitos foron seleccionadas.